

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)
CELEBRADA O DÍA 28/07/2022**

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS
-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D. ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-DONA YOLANDA BOVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
-DONA INMACULADA DIEZ VILLARROYA
-D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ
-D. XOSE LOIS LEIROS GUDE
-D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

SECRETARIA
MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA
MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 28/07/2022, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data de 30 de xuño de 2022.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes xuño de 2022.

3. Dación de conta do Plan de Medidas Antifraude do Concello de Vilagarcía de Arousa

4. Aprobación, se procede, da declaración de obra de "ACONDICIONAMENTO DE LOCAL EN RUA GARCIA LORCA 1-BAIXO", como de especial interese, aos efectos de aplicar a bonificación no ICIO a instancia de ARELA ASOCIACIÓN

5. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

6. Aprobación, se procede, da moción presentada polo Grupo Político Municipal do PP para a rexeneración e dinamización da Praia do Campanario en Bamio e da súa contorna.

7. Aprobación, se procede, da moción presentada polo Grupo Político Municipal do BNG relativa á transferencia por parte de Portos de Galiza da titularidade dos espazos de dominio público portuario de Vilaxoán e Carril

8. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

9. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

10. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.

11. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Ricardo Lages Insua utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, DE DATA 30 DE XUÑO DE 2022. Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

Non habendo ningunha proposta de rectificación, queda aprobada por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21) a acta da sesión anterior de 30 de xuño de 2022.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220728&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE XUÑO DE 2022: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- 1 Expte. De modificación de créditos por transferencia
- 3 Expte. De modificación de créditos por xeración
- 1 Alta no rexistro de animais potencialmente perigosos
- 1 Autorización particulares cacharelas San Xoán
- 1 Barbacoas Hostalería San Xoán
- 1 Licenza animais potencialmente perigosos
- 1 Autorización lumieiros praias 2022
- 4 Autorización festas ao aire libre
- 1 Expediente sancionador tráfico
- 27 Resolución primeiras alegacións expedientes sancionadores de tráfico
- 1 Remisión expediente a Xulgado do Contencioso Administrativo
- 2 Desguace vehículos abandonados
- 1 Inicio de expediente sancionador
- 1 Aboamento servizos prestados en domingo, noites e festivos
- 1 Concesión permiso sen soldo
- 2 Nomeamento tribunal proceso selectivo
- 11 Nomeamento funcionarios ou funcionarios interinos
- 2 Oferta Emprego Público 2022 Ordinaria
- 1 Corrección erro vacacións conserxes 2022
- 4 Substitución posto de categoría superior
- 1 Pago concepto anticipo RPT a auxiliares administrativos
- 2 Aprobación Plan de Seguridade e Saúde
- 5 Aprobación pregos contratación
- 1 Resolución primeiras alegacións Tesourería
- 1 Estimatoria Rateo no IVTM
- 1 Estimatoria pagos indebidos
- 1 Estimatoria IVTM
- 15 Estimatoria pagos duplicados
- 4 Estimatoria liquidacións e baixas
- 20 Estimatoria taxas e prezos públicos
- 10 Estimatoria compensación de débedas
- 2 Estimatoria recibos
- 1 Desestimatoria bonificación IBI
- 1 Estimatoria fraccionamento
- 2 Desestimatoria IIVTNU
- 21 Estimatoria/desestimatoria beneficios fiscais no IVTM
- 5 Gastos e xuros contas
- 6 Pago expediente Intervención
- 4 Pago comisións bancarias
- 2 Pago prestamo bancario
- 1 Comunicación apertura de establecemento
- 8 Dación de conta asimilación de actividade Decreto 124/2019
- 3 Comunicación cambio de titularidade de establecemento
- 2 Dación de conta de inicio de actividade
- 3 Celebración de eventos
- 6 Deber de conservación
- 1 Orde de execución malezas
- 1 Aprobación inicial Estudo de Detalle
- 14 Reposición da legalidade urbanística
- 6 Sancionador rúidos
- 2 sancionador terrazas
- 1 Subrogación licenza de obra

2 Recurso de reposición contra resolución obras
2 Ineficacia comunicación previa obras
1 Licenza de segregación
1 Licenza vao permanente
11 Licenza acometida e/ou conexión de auga e/ou saneamento
3 Legalización obras
7 Licenza de obra maior
4 Licenza de obra menor
30 Comunicación previa obras
TOTAL: 281

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220728&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- DACION DE CONTA DO PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 28 de xullo de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de xullo de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía, na que se indica:

Coa finalidade de dar cumprimento ás obrigacións que o artigo 22 do Regulamento (UE) 241/2021 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, impón a España en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión como beneficiario dos fondos do MRR (Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia), toda entidade, decisora ou executora, que participe na execución das medidas do PRTR (Plan de recuperación, transformación e resiliencia) deberá dispoñer dun «Plan de medidas antifraude» que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes utilizáronse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.

O citado plan debe estar aprobado pola entidade decisora ou executora, nun prazo inferior a 90 días desde a entrada en vigor da Orde (HFP/1030/2021) ou, no seu caso, desde que se teña coñecemento da participación na execución do PRTR.

Á vista do anterior a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o Plan de Medidas Antifraude do Concello de Vilagarcía de Arousa, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para a xestión de Fondos Europeos.

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220728&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DECLARACIÓN DE OBRA DE "ACONDICIONAMENTO DE LOCAL EN RUA GARCIA LORCA 1-BAIXO", COMO DE ESPECIAL INTERESE, AOS EFECTOS DE APLICAR A BONIFICACIÓN NO ICIO A INSTANCIA DE ARELA ASOCIACIÓN:

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 28 de xullo de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta do informe da Sección de Rendado, do seguinte teor:

D. JULIO BARREIRO GÓNZALEZ (73241680C) e/r ARELA ASOCIACIÓN (G36846152) solicita o 11.04.2022 (Rex. WEB2022002439) a bonificación no ICIO correspondente á obra de Acondicionamento de local na Rúa García Lorca, nº 1, Baixo, con fundamento en que se trata dunha entidade sen ánimo de lucro que ten como finalidade e obxecto da actividade un programa de atención a familias con fillos e fillas no Concello de Vilagarcía, en concreto o “Programa de preservación familiar” xunto coa Fundación Meniños e coa colaboración da Concellería de Servizos Sociais.

Consultada a normativa de aplicación, o art. 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 1.3, reguladora do Imposto sobre construcións e obras dispón, en concordancia co art. 103.2.a) do RDL 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o seguinte:

“O Pleno da Corporación poderá declarar, previa solicitude dos interesados e os informes dos técnicos municipais, que determinadas construcións, instalacións ou obras son de especial interés ou utilidade pública municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego. Dita declaración require o voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Declarada dita utilidade a Xunta de Goberno Local poderá aplicar unha bonificación do 50% da cota en atención os documentos existentes no expediente e que motivaron a declaración de especial interés ou utilidade pública municipal.

Os interesados deberán efectuar a solicitude de bonificación no momento en que se efectúe a solicitude da licenza de obra e, en todo caso, antes do inicio das mesmas, o que se acreditará co certificado expedido polo Técnico Director da obra”

A obra da que se solicita a bonificación ten como obxectivo o acondicionamento dun local, comprendendo a formación de baños accesibles, unha cociña, un comedor etc.

Por Resolución de Alcaldía de data 29.04.2022, concedéuselle a licenza da obra de referencia.

Por outra parte, a solicitude de bonificación foi presentada antes do inicio da obra.

O feito de que sexa un inmovible destinado a un programa de atención a familias con fillos e fillas, fai que dita obra poda ser considerada de interese social. O que se informa aos efectos oportunos.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura dixitalizada

O XEFE ACCTAL. DA SECCION DE RENDAS

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG, Vilagarcía en Común, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a declaración da obra de Acondicionamento de Local en Rúa García Lorca 1-Baixo, como de especial interese, aos efectos de aplicar a bonificación no ICIO, a inxtancia de ARELA ASOCIACIÓN.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE aprobar a declaración de obras de "Acondicionamento de local en rúa García Lorca 1-baixo" como de especial interese, aos efectos de aplicar a bonificación no ICIO a instancia de ARELA ASOCIACIÓN.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220728&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non están presentadas solicitudes de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220728&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP PARA A REXENERACIÓN E DINAMIZACIÓN DA PRAIA DO CAMPANARIO EN BAMIO E DA SÚA CONTORNA: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 28 de xullo de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 19 de xullo de 2022, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular de Vilagarcía, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 28 de xullo de 2022 a seguinte:

Moción para a rexeneración e dinamización da praia do Campanario en Bamio e da súa contorna
EXPOÑEN

A praia do Campanario en Bamio é un dos dous únicos areais vilagarcíans que actualmente teñen Bandeira Azul, distintivo co que anualmente a Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor (ADEAC) recoñece a areais de todo o mundo segundo criterios de sostibilidade e de servizos.

Con todo, pese ao cumprimento destes criterios, a praia de Bamio adocece desde hai anos duns problemas estruturais que van máis aló das cuestións valoradas por ADEAC.

Uns problemas que teñen a súa orixe principalmente na progresiva perda de area – debido á combinación do natural traballo da auga e a ausencia de aportacións periódicas deste material – e cuxas consecuencias son constatables tanto na propia praia como na súa contorna. Poderían citarse como exemplos neste sentido o deterioro do muro como resultado do descubrimento das súas bases ou a acumulación de lodo na beira da auga cando a marea está baixa.

Complementariamente a isto e no entorno máis próximo á praia, a veciñanza de Bamio tamén leva anos sufrindo a rotura das beirarrúas, o deterioro do firme e a formación de charcos no aparcadoiro do cemiterio a consecuencia, aparentemente, da extensión das raíces das árbores aí

situadas. Polo que demandan unha revisión do estado destas árbores e unha actuación que permita dar solución a esta problemática.

Finalmente, dado que estamos a falar dun entorno privilexiado cun alto potencial turístico, consideramos que habería que poñer en marcha un plan de dinamización que puxese en valor os elementos que fan de Bamio en

xeral e da contorna da praia do Campanario en particular un punto atractor dentro da oferta turística de Vilagarcía.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular de Vilagarcía propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Que o Concello de Vilagarcía inste ao Goberno de España a que, a través do departamento de Costas do Estado, estude e valore a situación da praia do Campanario e acometa nela un plan de rexeneración integral que poña fin as deficiencias estruturais que presenta, tanto no que se refire á falta de area como á situación do muro.

2. Que o Concello de Vilagarcía elabore un estudo de diagnóstico sobre o estado das árbores situadas no aparcadoiro da praia do Campanario de cara a valorar as mellores solucións para poñer fin a problemáticas como a rotura das beirarrúas, o deterioro do firme e a formación de charcos.

3. Que o Concello de Vilagarcía elabore un plan de dinamización da praia do Campanario e da súa contorna que teña como obxectivo a súa potenciación como atractivo turístico-deportivo da nosa vila.

En Vilagarcía de Arousa, a 19 de xullo de 2022.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Vilagarcía en Común e Ciudadanos informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal do PP para a rexeneración e dinamización da Praia do Campanario en Bamio e a súa contorna.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE aprobar moción presentada polo grupo político municipal do PP para a rexeneración e dinamización da Praia do Campanario en Bamio e a súa contorna.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220728&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á TRANSFERENCIA POR PARTE DE PORTOS DE GALIZA DA TITULARIDADE DOS ESPAZOS DE DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO DE VILAXOÁN E CARRIL:

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 28 de xullo de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 20 de xullo de 2022, do seguinte teor:

Moción relativa á transferencia por parte de Portos de Galiza da titularidade dos espazos de dominio público portuario de Vilaxoán e Carril.

Xosé Lois Leirós Gude, voceiro do Grupo Municipal do BNG no concello de Vilagarcía de Arousa,

ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

Exposición de motivos:

A relación natural entre os portos e os espazos urbanos ten en Galiza unhas características particulares. Como é habitual en case todas as vilas e pobos mariñeiros, a vida portuaria foi sempre ligada ao desenvolvemento da propia poboación, e a vinculación urbanística entre ambos espazos estivo sempre ligada. A estruturación administrativa causou unha dicotomía que, na maior parte dos pobos e vilas costeiras con entidade portuaria, provoca a confluencia de intereses de entidades administrativas distintas como son o porto e os concellos.

A continuidade e paso do tempo estabilizou unha situación que debera ter sido resolta, pois realízase actividade urbana e cidadá en espazos que son titularidade doutra administración (Portos de Galiza) pero que non teñen utilización para tal fin, consolidando unha situación dual no que Portos fixa e cobra taxas, e os concellos teñen a responsabilidade da dotación de servizos, mantemento do estado das rúas, etc. Ao que hai que engadir as abusivas tarifas que Portos está a cobrar pola realización de actividades no espazo baixo a súa administración.

Unha desas situacións é a que se dá no concello de Vilagarcía. En Vilaxoán, onde, terreos que eran praia e peiraos, espazos que daban sentido a unha vila mariñeira, noutrora referencia na pesca da sardiña, industria da salga, logo da conserva e lonxa de interese, hoxe non é así. En concreto o espazo que ocupa o Parque de Dona Concha, e os viais que o rodean, a explanada do Preguntorio, o Castelete, o parque do Preguntoiro, ou o Triángulo de O Freixo, igual que acontece coa Alameda de Carril

Estes espazos deben ser desafectados dunha vez por todas e pasar a competencia do concello, e polo tanto deixar de estar en Dominio Público Marítimo Portuario. Non teñen uso portuario e pola contra están totalmente inseridos na trama urbana e neles realízanse unha parte moi importante da actividade colectiva da veciñanza. A desafectación suporía unha mellora para todas as entidades e, naturalmente, redundaría na mellora da calidade de vida dos veciños e veciñas de Vilaxoán e Carril.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do BNG Vilagarcía de Arousa somete a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Demandar ao Goberno galego a iniciar de inmediato o procedemento entre o concello de Vilagarcía e Portos de Galiza para a transferencia ao Concello de Vilagarcía de Arousa da titularidade dos espazos de dominio público portuario de Vilaxoán e Carril que non teñan uso portuario e están inseridos na trama urbana cun papel fundamental na actividade da veciñanza: Parque de Dona Concha, e os viais que o rodean, a explanada do Preguntorio, o Castelete, o parque do Preguntoiro, o Triángulo de O Freixo, e a Alameda de Carril.

Vilagarcía de Arousa, 12 de xuño de 2022

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG, Vilagarcía en Común e Ciudadanos informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal do BNG relativa á transferencia por parte de Portos de Galiza da titularidade dos espazos de dominio público portuario de Vilaxoán e Carril.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG relativa á transferencia por parte de Portos de Galiza da titularidade dos espazos de dominio público portuario de Vilaxoán e Carril.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220728&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220728&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220728&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

1) Polos Sres./as. Concelleiros/as respóndese ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

2) Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220728&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.

Por parte do público asistente fórmulanse rogos e preguntas..

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220728&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 18:50, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.